

23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO

CANCIÓN : O libro máxico <https://youtu.be/mHUYI3uZ6TI>

Cando esteas aburrido
e non saibas que facer,
colle un libro meu amigo
todo pode suceder.

**Imaxínate voando nunha alfombra,
imaxínate cruzando o ancho mar,
imaxínate cun can saltando á corda,
imaxínate nunha nave espacial.**

Poderás ser un pirata
moi valente e moi rufián,
pelexar con alimañas
e un tesouro atopar.

Poderás ir ata Arabia
nunha alfombra a voar,
acompañada dun xenio
saudar a Alibabá.

Poderás ser un paiaso
e disfrazar ao teu can,
facer rir a todo o mundo
como fai o can Papán.

Poderás ir nunha nave
polo espacio sideral,
descubrir unha galaxia
e cun marciano xogar.

EXERCICIOS

1.- Despois de escoitar varias veces a canción, fai un debuxo ilustrando a estrofa que máis che guste (ao lado da estrofa)

2.- Busca un libro que che guste.

- Escribe o seu título

- ¿Como se chama o / a protagonista ?

- Por que che gusta ?.....

.....

.....

- Debuxa a portada.